

## Xesús, ven á miña casa!

**Xesús, no evanxeo de hoxe** vemos como querías ir á casa de Zaqueo, que tiña moitos tesouros pero non era feliz.

**Coma el, tamén eu** teño cousas en min, do meu colexio ou traballo, que non me deixan satisfeito. Podo ter éxitos materiais, pero o meu interior está baleiro e inquedo. Ven á miña casa!, invítoche sinceramente!

**Que a túa mirada cariñosa** e as túas palabras penetren no meu corazón, que iluminen a miña mente para descubrir o que se debe cambiar na miña vida para ser mellor amigo teu, máis servizal e mellor cristián.

**Xesús, ti vés á miña casa** na oración, ao escoitar a túa Palabra, naquel que me aconsella ou no que me necesita. Vés sobre todo cando vou a comungar con devoción e te acollo no meu corazón con alegría e fe.

**Xesús, ven á miña casa,** comparte a miña mesa e os meus bens, porque sen ti, a miña vida non vale para nada!

**Porque o verdadeiro tesouro é acollerte a ti, Xesús, na casa do corazón.**



**O verdadeiro tesouro  
É ter a Xesús  
no corazón.**

*Evanxeo*

*30-outubro-2016*

*31º-Ordinario-C*

# ORDINARIO-31

*"Zaqueo, baixa de présa, porque  
quero aloxarme na túa casa!"*



**Xesús quiere visitarte.  
Dille: Ven á miña CASA!**

**SABEDORÍA 11, 22-12, 2:** *Compadéceste de todos, porque amas a todos os seres.*

Señor, o mundo enteiro é ante ti como un gran na balanza, como pinga de orballo no amencer sobre a terra. Pero compadéceste de todos, porque todo o podes e **pasas por alto os pecados dos homes para que se arrepiñan.**

Amas a todos os seres e non aborreces nada do que fixeches; pois, se odiases algo, non o terías creado. Como subsistiría algo, se ti non o quixeses?, ou como se conservaría, se ti non o tiveses chamado? Pero ti es indulxente con todas as cousas, porque son túas, Señor, amigo da vida. Pois o teu sopro incorruptible está en todas elas. Por iso corrixes pouco a pouco os que caen, repréndelos e recórdalles o seu pecado, para que, apartándose do mal, crean en ti, Señor. *Palabra do Señor.*

**Sal 144: R/. Bendicirei o teu nome por sempre, meu Deus, meu rei.**

**2º TESALONICENSES 1, 11-2, 2:** *Que Cristo sexa glorificado en vós, e vós nel.*

**LUCAS 19, 1-10:** *O Fillo do home veu buscar e salvar o que estaba perdido.*

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús entrou en Xericó e ía atravesando a cidade. Nisto, un home chamado Zaqueo, xefe de publicanos e rico, trataba de ver quen era Xesús, pero non o lograba a causa do xentío, porque era pequeno de estatura. Correndo máis adiante, subiu a un sicómoro para velo, porque tiña que pasar por alí. Xesús, ao chegar a aquel sitio, levantou os ollos e díxolle:

**Xesús:** -«Zaqueo, **dáte presa e baixa, porque é necesario que hoxe quede na túa casa.**»

**Narrador:** El deuse presa en baixar e recibiu moi contento.

Ao ver isto, todos murmuraban dicindo:

**Veciños:** -«Entrou a hospedarse na casa dun pecador.»

**Narrador:** Pero Zaqueo, de pé, díxolle ao Señor:

**Zaqueo:** -«Mira, Señor, a metade dos meus bens doulla aos pobres; e se defraudei a alguén, restituílle catro veces máis.»

**Narrador:** Xesús díxolles:

**Xesús:** -«**Hoxe foi a salvación desta casa, pois tamén este é fillo de Abrahán. Porque o Fillo do home veu buscar e salvar o que estaba perdido.**»



❖ **O martes, día 1, celebramos a festa de "Todos os Santos":** son persoas que se parecen moito a Xesús e nós tratamos de imitar. Son como un espello no que miramos a nosa fe, a nosa xenerosidade ...

❖ **E o mércores 2, "Fieis Defuntos".**

- Recorda os avós falecidos con **moito agarimo:** fixeron mucho por ti.

- Non lles regales só unha flor sobre a súa tumba: reza por eles. Dille: *"perdoalles, Señor, e que sexan felices contigo para sempre"*

- E recorda que no panteón só están os seus corpos ... **As súas obras boas, a súa vida, o seu ser, están con Deus, felices e para sempre**

**Xesús quere visitarte. Dille: Ven á miña CASA!**

**1. VER: Veñen vernos á casa ...**

- Ao longo do ano recibimos visitas de amigos e familiares: gozamos con eles, charlamos, xogamos, coñecemos máis.

- **Quen te visita? Por que te visitan? Que preparas? Que facedes xuntos? Tráenche algo ou regálaslles algo? Alégraste da visita?**

**2. XULGAR: Xesús quere ir á túa casa.**

**+QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?** Xesús quere ir á túa casa:

- No evanxeo deste domingo, Xesús descobre ao empequencido e triste Zaqueo subido a unha árbore para velo pasar e chámalo: **"Zaqueo, baixa rápido, porque hoxe quedo na túa casa!"**. Zaqueo encheuse de alegría e aquela visita cambioulle o corazón, salvouno.

**\*QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?** Xesús quere ir á túa casa:

- **Talvez non es feliz:** Zaqueo vivía só preocupado do seu traballo, de conseguir máis diñeiro, de ter e ter... pero non o querían, estaba só e no fondo faltáballe o fundamental. E Xesús chama á súa porta: tivo que deixar atrás o seu diñeiro, as súas cousas, buscar a Xesús, subir á árbore e escoitalo.

-**Xesús visítate para curarte,** perdoarche, cambiar o teu corazón, darche unha vida máis plena e feliz...

-**Xesús visítate na oración,** ao escoitar a súa Palabra, na catequese, na parroquia, en cada persoa que pasa ao teu lado, no que te necesita, no que che corrixe ou ensina...

-**Visítate sobre todo ao comungar:** preparámonos para iso subindo ao templo, rezando o Noso Pai e dándonos a paz, dicíndolle *"non son digno"*, achegámonos en fila (en orde e silencio), acollémolo con respecto poñendo a man e gardándoo no corazón. Sentimos unha alegría inmensa, dámoslle grazas, expulsamos do corazón outros falsos tesouros e o sacerdote envíanos a vivir doutra forma, como testemuñas, levando o noso amigo Xesús aos que vexamos pola semana. **Que nos está pedindo Xesús?**

**3. ACTUAR: Déixalle visitarte e cambiarte**

-**Escribe unha invitación a Xesús á túa casa e os motivos da invitación.**

-**Pensa en que momentos ao longo da semana** queres que te visite Xesús e que vas facer para estar pendente del.

-**Prepara** ao longo da semana a comuñón do domingo, ou coa túa familia dialogade que facer para que Xesús estea máis presente na casa do voso fogar: cruz, bendición da mesa, biblia visible...

**¿En qué vais a mejorar, a qué te comprometes?**